

CORES DO **ATLÁNTICO**

ILLA DE SAN SIMÓN

14 de maio de 2010

XUNTA DE GALICIA

COMUNICACIÓN. AGADIC.

prensa.agadic@xunta.es

Rúa da Vesada s/n, San Lázaro
15703 Santiago de Compostela

Telefono:
981 577 126 / 981 577 128 (ext. 105 / 116)

Fax:
981 577 101

www.agadic.info

Índice

O programa CREATIVA con CORES DO ATLÁNTICO	4
CORES DO ATLÁNTICO	5
O Concerto. Desde a Illa de San Simón para o mundo	6
Cores do Atlántico. O libro-disco	13
Os Showcases	14
A Exposición	14

O programa CREATIVA con **CORES DO ATLÁNTICO**

Baixo o título de **CREATIVA**, a Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo e a Rexión Norte de Portugal organizan conxuntamente unha serie de accións destinadas á promoción das industrias culturais galegas e portuguesas.

A música, a escena, o libro e a produción audiovisual son os grandes eixos -tanto industriais como artísticos- que vertebran cada unha das actividades desta iniciativa, iniciada en Vigo en decembro de 2009 co desenvolvemento de catro foros profesionais monográficos e un amplo abano de citas musicais que tiveron lugar en varios escenarios da cidade.

Coa financiación a cargo dos fondos FEDER da UE e pertencente ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, o proxecto avanza ao longo de 2010 con distintas actividades de apoio, entre as que destaca a produción Cores do Atlántico, un proxecto eminentemente musical que se desenvolverá o 14 de maio na illa de San Simón; e que vén reforzado pola edición do libro-disco do mesmo título, unha exposición específica e catro xornadas promocionais noutras tantas vilas do sur de Galicia e do norte de Portugal.

CORES DO **ATLÁNTICO**

Trátase dun proxecto divulgativo-musical sobre as cantigas de amigo que ofrece unha nova perspectiva do xénero máis autóctono da nosa lírica medieval dende unha dobre dimensión: a interpretación teórica sobre esta materia da catedrática holandesa Ria Lemaire Mertens e a interpretación musical da cantautora brasileira Socorro Lira. Ámbalas dúas aportacións vense complementadas pola interpretación plástica, presente tamén neste traballo, do artista lucense Quique Bordell, autor das ilustracións.

O proxecto nace no ano 2006 co inicio da investigación sobre as cantigas de amigo paralelísticas, para a edición dun CD con versións cantadas dalgúns textos conservados. Froito deste traballo é o libro-disco en galego e portugués que agora se presenta e que se complementa co concerto da Illa de San Simón e unha exposición nese mesmo lugar.

O CONCERTO

Desde a Illa de San Simón para o mundo

O concerto que se desenvolverá o **14 de maio na illa de San Simón** é o eixe central da produción musical Cores do Atlántico. Socorro Lira, Teresa Paiva, Joao Afonso, Margareth Menezes, Eneida Marta e Uxía actuarán en directo neste recital especial, ao que poderán asistir un centenar de convidados pero que será transmitido a todo o mundo en tempo real a través da web www.coresdoatlantico.com.

Máis ca un concerto, será un acontecemento multimedia sen precedentes, no que á singularidade e recoñecemento dos músicos participantes hai que sumar a presentación que realizará Xoán Curiel e a proxección de varios videos testimoniais sobre distintos aspectos da filosofía de Cores do Atlántico como medio de difusión actual do patrimonio común galego-portugués que conforman as cantigas de amigo. Serán 75 minutos de música en directo para o disfrute dos espectadores presentes e de todos os internautas.

O público que asistirá en directo ao concerto poderá disfrutar ademais dunha experiencia única, xa que o traslado ao concerto supón unha viaxe cultural pola ría de Vigo, co acompañamento e explicación a cargo de guías-actores desde o momento do embarque ata a chegada á illa, así coma un percorrido pola mesma amenizado por malabares e zancudos.

Artistas participantes:

Socorro Lira



Cantautora brasileira responsable da parte musical de As Cores do Atlántico. Nacida en 1974 na zona rural de Brejo do Cruz, no nordeste brasileiro, Socorro Lima ten unha ampla traxectoria fundamentada nas súas propias experiencias vitais e nos sons e ritmos brasileiros máis emblemáticos. A autora dará a coñecer neste concerto as claves do que foi o seu traballo nas Cores do Atlántico; a lectura contemporánea da melodía das cantigas de amigo integrando nelas as sonoridades galegas, portuguesas, africanas e especialmente as brasileiras; espazos que comparten o patrimonio cultural da lírica galego-portuguesa.

Margareth Menezes



É considerada a raíña do “afropopbrasileiro”. En 1987 gravou o seu primeiro disco: “Faraó, Divindade do Egito”, seguido do traballo que levou o seu nome, “Margareth Menezes”. En 1990 gravou e lanzou un dos seus discos de maior logro, “Ellegibô”, seguido de “Kindala”, de “Luz Dourada” e de “Xente de Festa”.

Nesa mesma época, Menezes foi premiada con Trofeo Prensa de mellor cantante, indicada ao Grammy por mellor disco e tornouse musa en países de Europa, no Xapón e nos Estados Unidos.

En 2005, acompañada por un público de 50 mil persoas gravou seu primeiro DVD e gañou o DVD de Ouro polo traballo, foi unha vez máis, destacada na prensa internacional onde a consideraron a “Aretha Franklin brasileira”. O DVD vendeu máis 60 mil copias.

En 2006 Maga lanza seu décimo CD, “Margareth Menezes pra você”, que tivo as participacións de Ivete Sangalo e Cláudio Zoli. Ese mesmo ano foi novamente nomeada ao Grammy Latino.

En 2007 lanzou o CD e DVD “Brasileira-Unha Homenaxe ao Samba-reggae”, foi destaque do Entroido de Salvador e homenaxeada polo trío eléctrico Expresado 2222 do cantante e ministro Gilberto Gil.

Neste mesmo ano prepara o seu 12º CD, “Naturalmente”.

En xuño de 2009, lanza o CD e o DVD “Documentário com a história do Movimento Afropopbrasileiro”. O traballo reúne quince cancións que formaran parte dun espectáculo celebrado en 2007, no Teatro Castro Alves, e que reunira a artistas ligados á cultura negra na Bahia.

En agosto dese mesmo ano, Maga iniciou a produción e gravación do DVD “Naturalmente” continuación do proxecto que orixinou o CD homónimo, lanzado en outubro de 2008.

Con participacións especiais e cancións inéditas, ese será o terceiro traballo audiovisual da artista.

En 2009 compuxo para “Ponte...nas ondas!” o tema “Portugaliza”.

www.margarethmenezes.com.br

Teresa Paiva



Esta gaiteira e percusionista portuguesa leva 35 anos adicada á música “din meus pais que comecei a tocar antes que a falar” suliña, cando lembra a primeira vez que pisou un escenario “o 25 de abril de 1975”.

Teresa Paiva, unha apaixonada da música e da literatura, quen nun comezo quixo ser guitarrista e baixista, ten dedicado a súa vida á percusión e os instrumentos de sopro como a gaita de foles, frautas de todo tipo, tin Whistles, pífaros, frautas pastoris, soprano, sopranino, contralto, barroca, ocarina...

Parte do seu traballo na música é tamén ensinar as tradicións aos máis pequenos. Traballo polo que sente que está a deixar unha “herdanza importante”.

Teresa Paiva foi unha das fundadoras do grupo “Toque de Caixa” (novo CD: “Cruzes Canhoto”), tamén do grupo de gaiteiros Zaquelitrades, froito dun proxecto escolar. Cantou e tocou cos “Ecos da cave” e colaborou con algúns grandes nomes da música, como Traballadores Do Comercio, Carlos Núñez, Maddy Prior, Dave Swarbrick, João Filipe (Siclo, Guimo, Contarolando), Alberto Augusto Miranda, marKimia.funk, Socorro Lira, Luis Represas, etc.

Joao Afonso



Naceu Mozambique en 1965 anque actualmente vive en Lisboa.

A traxectoria de Afonso é amplamente coñecida en Galicia, tanto polos seus traballos musicais coma polas colaboracións que adoita realizar con músicos galegos.

Joao Afonso ten recibido importantes recoñecementos. En 1994 “Maio Maduro Maio” en compañía de José Mário Branco e Amélia Muge, xustificou o premio José Afonso.

Posteriormente, “Missangas” (1997), o seu primeiro álbum en solitario, logrou o título de Mellor Voz Masculina Nacional, que lle foi atribuído polo xornal Blitz.

Seguiron outras obras: “Barco Voador” (1999), “Zanzibar” (2002) e “Outra Vida” (2006), este último, coa dirección musical e arranxos de João Lucas. Con el ao piano, o cantante estruturou “Un Redondo Vocabulo” (2009), recentemente lanzado, só con cancións de Zeca Afonso.

Ten colaborado con diversos artistas como Júlio Pereira, Luís Pastor, Uxía, Grupo Mestisay, Filipa Pais e Quinta do Bill, entre outros, en gravacións e espectáculos en directo en Portugal e España.

www.myspace.com/joaoafonsomusic

Eneida Marta



Naceu en Guinea-Bissau mais radicada en Portugal, é unha das máis vibrantes voces africanas dos días de hoxe.

Eneida mestura a súa notábel voz con ritmos como o Gumbé, Tina, Singa, Djanbadon, Afro-beat ou o Jazz e cantando en Mandinga, Fula, Criolo, Futa-Fula e Portugués combina as raíces da súa orixe coa vibracidade dos arranxos do produtor Juca Delgado, quen lle proporcionou colaboracións en traballos de conceituados artistas como Aliu Bari (pioneiro da música moderna guineana), Rui Mingas, Bonga, Manecas Costa, Dulce Pontes, Uxía ou Bonga.

Co disco "Amari" converteuse nunha nova referencia musical e espertou o interese de editoras como "Putumayo" (acollida nos EUA), "Club Star" (alemá) e "JPS Production" (francesa). Tanto é así que Eneida participou nunha das compilacións dedicadas á música das ex-colonias portuguesas en África, An Afro-Portuguese Odyssey (Putumayo 2002). Esta participación abriulle as portas para o recoñecemento internacional da súa espectacular voz, colocándoa nas máis altas posicións nos medios de comunicación social.

En xullo de 2005, Eneida queda en primeiro lugar na categoría de World Music, nun concurso que se realizou en Portugal, coa canción "Mindjer Dôlce Mel". Con este tema vencedor, que tamén está incluído na compilación "Acoustic Africa", da Putumayo World Music, gravou o seu terceiro videoclip.

En xaneiro de 2006 presentou o seu terceiro disco, "Lôpe Kai", e iniciou a súa primeira grande tournée europea - "Tour Lôpe Kai 2006-2007".

En novembro de 2008, a organización da WOMEX 2008 (World Music Expo), un dos maiores eventos no mercado profesional de World Music do planeta, seleccionou a artista para un showcase integrado na súa programación oficial.

www.myspace.com/eneidamarta

Uxía



Mais de vinte anos de carreira artística convértena nunha das voces máis populares e valoradas da nosa lingua. As súas cancións teñen sempre a presenza latente ou explícita da música tradicional, cun tratamento anovador e persoal.

Desde o seu debut con “Foliada de Marzo” en 1986, o seu traballo representa un punto de encontro para as diferentes culturas, un xeito de comunicación entre pobos e xentes.

Integrante do grupo “Na Lúa” até 1991, Uxía emprende un camiño en solitario que responde a unha natural evolución da súa carreira artística. Nese mesmo ano publica “Entre cidades”, e catro anos despois, “Estou Vivindo no ceo”, disco que afianza a súa proxección internacional.

En 1997 edita xunto ás cantantes Rasha e María Salgado e o guitarrista Cuchús Pimentel “La sal de la vida”, un disco marcado pola diversidade e polo cruce cultural.

Xa en 2000 publica “Danza das areas”, un traballo que representa un punto de inflexión na súa traxectoria con composicións propias e sons máis contemporáneos.

A súa paixón pola mestizaxe consegue unir e reunir voces, instrumentos, ritmos, sons... é un imán para o talento, e así o demostra como directora artística na creación do Festival Internacional da Lusofonía Cantos na Maré, un espectáculo concibido como punto de encontro de artistas da área lusófona no que o escenario se transforma nunha festa multicultural coas mellores voces de Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guiné Bissau...

Agora vén de presentar o seu novo disco, “Eterno Navegar”, no que percorre camiños de sonoridades atlánticas e ritmos africanos que se mesturan coa súa melodiosa voz e o seu estilo intimista.

www.uxia.net

CORES DO ATLÁNTICO

O LIBRO-DISCO

Trátase dun ambicioso traballo divulgativo e musical que se aproxima ás cantigas de amigo da literatura medieval galego-portuguesa dende unha dobre perspectiva:

Literaria

Conformada polo traballo realizado por Ria Lemaire, especialista en literatura medieval en linguas románicas e doutora pola Universidade de Utrecht. A argumentación teórica sobre a orixe dunha tradición oral sustentada por mulleres é unha das teses que defende esta autora. Neste traballo de divulgación teoriza tamén sobre as cantigas de amigo galego-portuguesas como as primeiras mostras do patrimonio cultural galego-portugués, que nos chegaron por vía culta: os primitivos cantos de mulleres.

Ria Lemaire fai unha novedosa lectura do contexto e do significado destas cantigas como expresións dunha tradición oral que se mantén viva no territorio de orixe e nos demais lugares onde chegou, ben por procesos de colonización ou levada por emigrantes máis tarde.

Musical

No enfoque musical a cantautora brasileira Socorro Lira aborda unha lectura contemporánea da melodía das cantigas integrando as sonoridades galegas, portuguesas, africanas e, especialmente, brasileiras; espazos que comparten o patrimonio cultural da lírica galego-portuguesa. Dende os ritmos brasileiros como a ciranda, o samba, o batuque, o baião, o congo, o aboio ou a toada nordestina, interprétanse as cantigas de amigo dunha forma transgresora e ao mesmo tempo harmoniosa.

Arranxado por Jorge Ribas, CD Cores do Atlántico integra as sonoridades de tres continentes unidos por un patrimonio común: a lírica das cantigas de amigo galego-portuguesas.

Desde o Brasil, a compositora e cantora Socorro Lira reúne voces tradicionais como as das Cirandeiras de Caiana de Crioulos xunto as colaboracións de Margareth Menezes-a Maga e Cida Moreira. Desde África, a guineana Eneida Marta achega a súa cálida voz asociada aos ritmos de Guiné Bissau como o Gumbé, a Morna ou a Singa. João Afonso e Teresa Paiva introducen a expresión portuguesa e a sonoridade da gaitera do Porto. En Galicia, son as voces de Leilía e Uxía as que recrean as cantigas que noutrora cantaron as mulleres neste territorio de orixe da lírica medieval galego-portuguesa.

Os showcases

9 de Maio- Valença (Praza da Cámara Municipal)

11 de Maio- Ourense (Xardíns do Padre Feixoo)

15 de Maio- Salceda de Caselas (Praza do Concello)

16 de Maio- Vigo (Verbum)

Estas catro localidades acollerán cadansúa acción promocional sobre o produción Cores do Atlántico. En emprazamentos ao aire libre, Socorro Lira, autora das músicas do CD, acompañada de 3 músicos e varios actores de animación, interpretará algúns dos temas incluídos no traballo discográfico.

A exposición



A ermida da illa de san Simón acollerá o mesmo día 14 de maio a exposición das pezas creadas polo artista lucense Quique Bordell para Cores do Atlántico. Bordell fai a súa achega plástica con ilustracións que combinan o colge e a sobre-impresión nunha proposta vangardista sobre as letras das cantigas de amigo. O creador lucense é unha das referencias artísticas máis interesantes do panorama da arte galega moderna e a súa obra ten sido relacionada coa de Tápies ou coa do mestre Dubuffet.

O seu contido poderá tamén ser visualizado a través de internet, xa que a transmisión do evento e de todo canto se desenvolva na illa dará comezo xa a partir das 19:30 horas.

AGADIC
Axencia Galega das Industrias Culturais

Rúa da Vesada s/n, San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefono: 981 577 126 / 981 577 128
Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es

www.agadic.info

www.creativacultural.com



PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA
ESPAÑA - PORTUGAL
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRICA
2007 - 2013

Unión Europea
FEDER
Invertimos en su futuro



**XUNTA
DE GALICIA**

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**XACOBEO 2010
Galicia**



MINISTÉRIO DA CULTURA
DIRECÇÃO REGIONAL
DE CULTURA DO NORTE



www.pai-musica.com



www.agatadisa.org



www.agatadisa.org